



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL
FUNCIONARIO AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL GRUPO C2**

En Ponteceso, sendo as 9.30 horas do día 19 de novembro de 2021, no salón de plenos da Casa do Concello de Ponteceso, comparecen os membros do Tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dun posto de traballo de persoal funcionario/a auxiliar administrativo, Grupo C2.

Constitúese o tribunal nesta data e hora, asistindo os/as titulares do mesmo:
Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso.
Secretario: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario administrativo do Concello de Ponteceso.

Vogais:

Primeira: D^a. María Cristina Varela García, secretaria do Concello de Xermade.
Segundo: D. Francisco Javier Ulloa Arias, interventor do Concello de Cambre.
Terceiro: D. Emilio Cainzos Quintás, técnico de Administración Xeral do Concello de Ponteceso.

A convocatoria e bases do proceso selectivo aprobáronse pola resolución núm. 513/2020 do 12-08-2020, publicadas no BOP núm. 139 do 27-08-2021, e a corrección de erros no BOP núm. 144 do 3-09-2020, na sede electrónica, taboleiro de anuncios e web municipal. Pola resolución núm. 553/2021 do 01-09-2021 aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e nomeouse ao tribunal, convocando aos aspirantes e aos membros do tribunal para a realización do primeiro exercicio, base 7.1.1.1, ás 9 horas do día 15-10-2021.

Presentadas alegacións polos seguintes aspirantes despois da realización do primeiro exercicio da oposición consistente en responder a un cuestionario tipo test, procédese a analizar cada unha das alegacións presentadas:

1^a.- Presentada polo aspirante D. David Muñoz Fernández, con respecto á pregunta número 32. O tribunal despois de revisar a pregunta número 32 considera que non está ben formulada, polo que acorda por unanimidade proceder á anulación da mesma e substituíla pola pregunta reserva número 2.

2^a.- Presentada por D. Diego Temprano Abruñedo, presenta a solicitude de revisión do seu exame ao considerar que existe erro na puntuación outorgada, así como a anulación das preguntas núm. 32 e 56. O tribunal procede á corrección do primeiro exercicio, accedendo á súa solicitude, resultando que efectivamente existe un erro na corrección, outorgáronselle 23,40 puntos cando procedía outorgarlle 24,00 puntos, polo que se estima a alegación.

Con respecto á pregunta núm. 32 o tribunal na alegación núm. 1 acordou proceder á súa anulación e substitución pola pregunta reserva núm. 2, polo que se estima a mesma. Con respecto á pregunta núm. 56 o tribunal revisa a súa formulación, o temario, e acorda por unanimidade estimar a alegación por poder considerarse que non entra no temario, anulando a mesma e substituíndoa pola pregunta reserva número 3.

3^a.- Presentada por D^a. Laura Castiñeira Vilariño, presenta a solicitude de revisión do seu exame ao considerar que existe erro na puntuación outorgada, así como a anulación da pregunta núm. 1. O tribunal procede á corrección do primeiro exercicio, accedendo á súa solicitude, resultando que a puntuación outorgada de 18,10 puntos, correspondente á 20 preguntas con respostas correctas (0,50 puntos por cada unha) e 19 con respostas incorrectas (restan a 0,10 puntos cada unha), resulta que a puntuación outorgada de 18,10 puntos é a que lle corresponde á aspirante, sen modificación da orixinarmente outorgada.

Con respecto á pregunta núm. 1, o tribunal acorda por unanimidade que a resposta "d)Realizarse de igual forma que a iniciativa legislativa exercerase polo Goberno, o Congreso, o Senado e as Asembleas das Comunidades Autónomas" é a correcta das catro posibles, que é a única que comprende aos suxeitos que poden levar a cabo a iniciativa de reforma constitucional (arts. 87.1 e 87.2) e a forma da súa realización, igual que a iniciativa legislativa (art. 166 CE), polo que non procede á súa anulación e por unanimidade se desestima a alegación presentada.

4^a.- Alegacións de D^a. María Magdalena Ramos Siaba, solicita a revisión do proceso selectivo, presentando as seguintes alegacións:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Primeira.- “La revisión de las bases del proceso selectivo y de la documentación aportada por los participantes en el proceso selectivo a fin de comprobar que todos han procedido a entregar el título de ESO y el certificado acreditativo del CELGA 3, tal y como obliga la normativa especificada, procediendo a revertir todos aquellos actos administrativos que como consecuencia de la aplicación errónea de la normativa, hayan podido proceder a excluir o admitir a participantes del proceso selectivo sin cumplir con la normativa vigente de aplicación y la publicación si fuese necesario de una nueva lista de admitidos y excluidos con indicación expresa del CELGA aportado”.

Analizada a mesma o tribunal remítese á base 6 do proceso selectivo, a cal establece: “O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.....O Tribunal resolverá, no seu caso, tódalas dúbidas que xurdan na aplicación destas normas así como o que se deba facer nos casos non previstos.” Polo que dentro das facultades do tribunal non se encontra a revisión das bases do proceso selectivo, pero si entra nas súas competencias a resolución das incidencias na realización das probas, e tamén o que se deba facer nos casos non previstos.

A titulación esixida nas bases estímase a correcta e en canto ao nivel de lingua galega o nivel esixible para o acceso ao Subgrupo C2 é o CELGA 3 ou o equivalente curso de perfeccionamento de lingua galega, polo que estima que o reflectido nas bases, CELGA 2, obedece a un erro, se ben revisada a documentación dos aspirantes todos eles teñen o mínimo do CELGA 3 ou o referido curso de perfeccionamento debidamente acreditado.

Segunda.- “Por el incumplimiento del artículo 51 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia, por la imposición de una obligación que conculca derechos fundamentales a los participantes (artículo 23.1 CE), por infringirse varios de los principios generales del artículo 49 de la misma Ley 2/2015, en aras a garantizar mínimamente el anonimato de los participantes en el desarrollo del proceso selectivo siempre que sea posible, y en aplicación del artículo 47 apartados a y f de la Ley 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común, solicito la anulación del primer examen tipo test del proceso selectivo.”. Entre os seus argumentos xurídicos invoca a Sentenza do TSXG de 12 de Decembro de 2001, a cal de adverso establece: “...y aunque se pueda decir que ello no habría de tener importancia en el primero de los ejercicios (por ser tipo «test...») resulta en cambio trascendente en el caso del segundo ejercicio, y como consecuencia con influencia en los que le siguen; por tanto, la anulación del procedimiento de selección habrá de entenderse a partir de dicho ejercicio, que habrá de repetirse así como lo que le sigue.”

Neste caso tratándose do primeiro exercicio, sendo este tipo test e de conformidade coa referida Sentenza ,o tribunal por unanimidade acorda desestimar a súa alegación ao entender que esta tipoloxía de proba non da lugar a unha valoración discrecional polo tribunal ao empregar unha plantilla de corrección elaborada previamente á celebración da proba polos aspirantes. O anonimato ou neste caso os datos identificativos non son susceptibles de afectar ao seu resultado, se ben consonte á reflectida Sentenza o seguinte exercicio garantizará o anonimato dos aspirantes. O tribunal recorda, tal como se fixo constar na acta de data de 15-10-2021, ningún dos aspirantes presentados solicitou a axuda ao tribunal en canto á comprensión do cuestionario redactado na lingua galega, tal como se lles ofreceu ao comezo da proba.

Terceira.- “La aplicación de medios tales como tarjetas con dígitos de control para el anonimato de los participantes dentro del proceso selectivo”. O tribunal se remite ao acordado na segunda alegación, ao considerar esta como unha suxerencia, non unha alegación.

Cuarta.- “Dada la gravedad de los hechos acontecidos en el primer examen, solicito que se revoque el nombramiento a los miembros del tribunal existente, y se proceda al nombramiento de un nuevo tribunal, acorde a las bases y a la normativa vigente.”. O tribunal ten unhas atribucións e competencias definidas na cláusula 6 das bases e normativa concordante, entre as mesmas non se encontra a revogación do nomeamento dos seus membros, polo tanto non entra a valorar esta alegación.

Polo que analizadas as mesmas, estimada as alegacións relativas ás preguntas 32 e 56 procede a súa



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

anulación, substituíndose polas reservas núms. 2 e 3. Polo que se procede a corrección dos exercicios dos aspirantes, outorgando a nova puntuación que é a seguinte:

Nº	Nº DNI	NOME E APELIDOS	CUALIFICACIÓN 1º EXERCICIO
1	***7161**	ARIAS GONZÁLEZ TANIA	16,00
2	***6822**	BARCA NEIRA MARIA LORENA	15,40
3	***5343**	CANCELA COTELO ANA MARIA	25,20
4	***6990**	CASAL SUÁREZ TANIA	11,40
5	***5979**	CASTIÑEIRA GARCÍA JOSE ANTONIO	17,80
6	***3366**	CASTIÑEIRA VILARIÑO LAURA	19,20
7	***9681**	CHOUCIÑO GARRIDO SUSANA	08,70
8	***8594**	COIRA LÓPEZ MARIA JOSÉ	20,20
9	***5113**	COTELO QUEIJO LAURA	17,80
10	***3074**	COUCEIRO MONTES JOSE DAVID	14,60
11	***6989**	COUSILLAS PEREIRO SHEILA MARÍA	18,80
12	***0292**	DÍAZ GIL JORGE	18,70
13	***5564**	DIÉGUEZ RODRÍGUEZ SONIA	24,20
14	***0108**	DOCAMPO ROBLES DANIEL	16,40
15	***5077**	DURO PAZOS ÓSCAR	18,70
16	***6701**	ERMO SÁNCHEZ DANIEL	15,40
17	***3714**	FACAL FUENTES DESIRÉE	13,20
18	***4210**	FERNÁNDEZ GARCÍA LAURA	13,00
19	***2647**	GÓMEZ BOLÓN DANIEL	21,70
20	***7736**	GUERREIRO PANTALEÓN ANA	20,00
21	***2776**	GUILLÍN LIÑEIRO Mª DOLORES	21,20
22	***5112**	LEMA AMADO NOELIA MARÍA	13,10
23	***6027**	LEMA FORNÍS ROMINA	07,80
24	***3797**	LÓPEZ TUSET JULIA	19,80
25	***6163**	MATO RIVERA BELÉN	20,40
26	***5038**	MUÑOZ FERNÁNDEZ DAVID	19,40
27	***2259**	PÉREZ GARCÍA ANA MARÍA	10,60
28	***1715**	PONTE REIRIZ IRIA	17,80
29	***1579**	RAMA NÚÑEZ MARÍA DEL PILAR	20,50
30	***1493**	RAMOS SIABA MAGDALENA	15,50
31	***6739**	RIOS PENA XESÚS MANUEL	21,90
32	***7868**	RODRÍGUEZ ESPASANDÍN PILAR	10,80
33	***8127**	RODRÍGUEZ LANDROVE CARLOS	10,50
34	***2745**	RODRÍGUEZ SUÁREZ SILVIA	20,50
35	***3087**	SIEIRA MARTÍNEZ PLÁCIDA	19,20
36	***7138**	SOMOZA GONZÁLEZ ISABEL	24,60
37	***0578**	SUEIRO POSE MARÍA JOSÉ	29,50
38	***1815**	TASENDE PENSADO JESÚS JOSÉ	08,40
39	***9723**	TEMPRANO ABRUÑEDO DIEGO	25,20
40	***3990**	VÁZQUEZ REY LORENA	5,00
41	***0982**	VILANOVA AÑÓN CRISTINA	20,40

Remata a sesión ás 12.32 horas do día 19-11-2021, redactándose a presente acta, que asinan os membros do tribunal.

Polo tribunal,

concello@ponteceso.r



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

A presidenta

O secretario

Lucía Mata Rodríguez

Fernando Naya Abeleira

Os vogais

María Cristina Varela García

Francisco Javier Ulloa Arias

Emilio Caínzos Quintás

FIRMADO POR Fernando Naya Abeleira (FECHA: 19/11/2021 13:28:00) , Lucía Mata Rodríguez (FECHA: 19/11/2021 14:21:00) ,
Cristina Varela García (FECHA: 19/11/2021 15:24:00) , FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS (FECHA: 19/11/2021 15:36:00) ,
Emilio Caínzos Quintás (FECHA: 19/11/2021 16:28:00)
Versión imprimible

CVD: AVtQ3zdbHGcOkNeszXn4
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.